

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

CERTIFICA:

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 22 de febreiro de 2023, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

Asunto: *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra.. (Expte.- 2023055648).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Acordo da Xunta de Goberno nº 12.33300, de data 22/12/2023, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Subministración do licenciamiento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra.”

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 3 de xaneiro de 2024. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A Mesa de Contratación, na reunión do 01/02/2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo os licitadores admitidos os seguintes:

- INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)
- KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.L. (A81069197)

Na mesma sesión, O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante criterios automáticos (fórmulas).

As ofertas presentadas polos licitadores aceptados foron as seguintes:



INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)

- Prezo ofertado

Prezo ofertado sen IVA: 165.750,00 €
IVE (21%): 34.807,50 €
Prezo ofertado total: 200.557,50 €

KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.L. (A81069197)

- Prezo ofertado

Prezo ofertado sen IVA: 160.080,00 €
IVE (21%): 33.616,80 €
Prezo ofertado total: 193.696,80 €

A Mesa de Contratación, na súa reunión do día 08/02/2024, observa que o licitador KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (A81069197) sinala o seguinte respecto da súa oferta:

“Oferta válida exclusivamente ata o día 31/01/2024. Posteriormente a esta data, non se poderá subministrar novas licenzas deste produto, xa que o propio fabricante discontinúa a súa venta e subministro en dita data”.

Analizada esta apreciación, a Mesa acordou facultar ó Secretario da mesma para que practicase o correspondente requirimento á empresa KONICA MINOLTA BUSINESS SOLUTIONS SPAIN, S.A. (A81069197) no referente á validez da súa oferta (CSV: W4UTJXLF53XPE49Y), sendo contestado mediante escrito de data 14/02/2024, declarando a retirada da súa oferta do procedemento (REX_WEB2024008873)

A continuación, procedeuse á valoración da única oferta económica, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas, e con data 16/02/2024 emítese o correspondente informe de puntuacións totais (CSV: EDZQXR2EYPDNIJ3W7), obtendo INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602) a maior puntuación.

Polo exposto, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Aprobar a clasificación da única oferta admitida no procedemento convocado para a contratación, mediante procedemento aberto, da “Subministración do licenciamento do software de virtualización VMware para a nova infraestrutura de servidores da Deputación de Pontevedra”, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓNS TOTAIS
1 ^a	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)	0,753 puntos



- 2) Propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado correctamente o requirimento de documentación previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato conforme ao seguinte detalle:

INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L. (B62758602)

- Prezo ofertado

Prezo ofertado sen IVA: 165.750,00 €
IVE (21%): 34.807,50 €
Prezo ofertado total: 200.557,50 €

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

